



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

BANDO

**D. ENRIQUE CABALEIRO GONZÁLEZ, ALCALDE DO
CONCELLO DE TUI,**

FAI SABER:

Que ante a próxima aprobación do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais no Concello de Tui, quixera facer chegar ós propietarios de fincas, leiras ou montes afectados pola franxa de protección de 50 metros, a recomendación de que procedan a súa limpeza ou corta de árbores, en concreto piñeiro galego (*Pinus pinaster*), piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), piñeiro de Monterrey (*Pinus radiata*), piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga menziesii*), mimosa (*Acacia dealbata*), acacia negra (*Acacia melanoxylum*), eucalipto (*Eucalyptus spp*), brecina (*Calluna vulgaris*), carqueixa (*Chamaespartium tridentatum*), xesta (*Cytisus spp*), breixo (*Erica spp*), queiruga (*Genista spp*), fento (*Pteridium aquilinum*), silva (*Rubus spp*) e toxo (*Ulex europaeus*),

Por medio da presente solicítase a colaboración de tódolos propietarios destas fincas, co fin de garantir a seguridade e previr incendios forestais no noso termino municipal, indicando a maiores, que unha vez aprobado o citado Plan, enviaranse as notificacións das ordes de limpeza ou cota de árbores en dita franxa contando con só 15 días para levar a cabo as labores de limpeza ou cota.

Se algún propietario quere saber si a súa finca, leira ou monte se atopa nesa franxa pode dirixirse o correo medioambiente@tui.gal aportando a súa referencia catastral e se lle responderá na maior brevidade posible.

En Tui, na data que se sinala á marxe
O VOSO ALCALDE
Enrique Cabaleiro González